



**Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia-
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os
concellos de Palas de Rei e Melide para a execución do proxecto denominado Brigada de
emerxencias (protección civil)**

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten previsto asinar cos concellos de Palas de Rei e Melide un convenio para a execución do proxecto denominado Brigada de emerxencias (protección civil).

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os municipios deberán prestar á cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, entre as que se atopan a protección do ambiente.

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental establece que as actuacións ás que se destinará a parte do Fondo que non estiver destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión, terán que estar dirixidas á protección do ambiente, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar cos concellos de Palas de Rei e Melide o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2018.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e os concellos de Palas de Rei e Melide para a execución do proxecto denominado Brigada de emerxencias (protección civil).

5. Fundamentos do convenio

Os concellos de Palas de Rei e Melide manifestaron a necesidade extraordinaria de asistencia por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para manter unha brigada de emerxencias que atenda e responda ás singularidades e necesidades de ambos concellos.





Os concellos de Palas de Rei e Melide atópanse situados no mesmo centro da xeografía galega. Ambos os concellos son de carácter eminentemente rural e contan, en conxunto, cunha poboación de 11.042 habitantes. Esta poboación chega a triplicarse no período estival e en datas sinaladas, por diversas razóns. En primeiro lugar, porque ambos os concellos son lugar de segunda residencia; en segundo lugar, milleiros de peregrinos pasan diariamente polas rutas do Camiño de Santiago que discorren a través dos dous concellos, o Camiño Francés e o Primitivo. En terceiro lugar, tanto Palas de Rei, que conta coa distinción de concello de interese turístico, como Melide supoñen un importante lugar de destino polos seus recursos turísticos. En definitiva, aínda que resulte difícil de cuantificar de xeito exacto, existe unha elevada poboación que resultaría potencial beneficiaria do servizo.

Este dato poboacional é o principal motivo que xustifica a necesidade de contar cunha brigada propia de emerxencias, boa coñecedora do territorio de ambos os concellos que poida intervir de contado diante dunha eventual situación de sinistro ou risco. A este factor engádense trazos como a gran dispersión da poboación e o feito de se tratar dunha zona de grande sinistralidade, ao contar con moitas pistas rurais sobre as que inciden características climáticas e orográficas que dan lugar a invernos moi duros, con frecuentes xeadas, e veráns que rexistran altas temperaturas elevando o risco de incendios sobre a gran masa forestal.

Unha das particularidades máis importantes para considerar é o feito de Melide ser unha vila de referencia no lecer nocturno da mocidade, atraendo numerosa xente nova de todos os concellos de Galicia, especialmente dos límites. Non é preciso afondar nesta circunstancia para atopar as causas dun elevado número de intervencións de emerxencias que se poden prestar dun xeito máis efectivo de contar cunha brigada con sede en Palas de Rei ou Melide.

Tamén debe terse en consideración que Melide é cruce de camiños de intenso tráfico principalmente a estrada autonómica que une Betanzos e Agolada e a que vai de Santiago de Compostela a Lugo, coas inevitables consecuencias asociadas á sinistralidade.

En definitiva, un conxunto de circunstancias e singularidades que fan de máxima necesidade e urxencia para ambos os concellos poder contar cunha brigada de emerxencias.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa o fomento de todas aquelas actuacións imprescindibles e necesarias para o normal funcionamento da entidade local e que permitan potenciar e apoiar a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; asemade correspóndese con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental.

Este contexto local insírese nun marco orzamentario restritivo, de austeridade e control do gasto público e, asemade, necesariamente estable que afectou todas as administracións públicas, sen que a administración local sexa unha excepción neste sentido. Deste marco deriva, entre outras consecuencias, as dificultades dos concellos de Palas de Rei e Melide para afrontar en solitario o compromiso económico derivado da contratación dunha brigada de emerxencias, que constitúe o obxecto desta subvención.

A conxuntura descrita, a necesidade extraordinaria de asistencia manifestada polos concellos e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na eliminación das carencias no servizo municipal sobre o que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor dos concellos de Palas de Rei e Melide.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.461.0 (CP 2015 00168) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.





Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez

Documento asinado dixitalmente á marxe

